

Acordo de instrucións e criterios de corrección do 3º exercicio

Reunido o día 07/10/2024 o tribunal do proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade bioloxía (microscopia), grupo III, pola quenda de acceso libre. Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 13 de febreiro de 2024, (DOG 22-02-2024), transcorrido o prazo para formular reclamacións contra as preguntas formuladas e logo de analizar as impugnacións presentadas, **ACORDOU**:

- A persoa aspirante deberá ir provista do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
- Non se permitirá o acceso á aula /laboratorio nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio se así se precisase.
- O exercicio consistirá na realización duns supostos teóricos/prácticos proposto polo tribunal sobre os contidos do programa específico, no que a persoa aspirante deberá demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.
 - O tempo máximo para a súa realización total será de 90 minutos. En primeiro lugar a aspirante deberá contestar a un suposto teórico que terá unha duración de 60 minutos, e posteriormente deberá realizar o suposto práctico que terá unha duración de 30 minutos.
 - Puntuarase de 0 a 30 puntos, desagregándose a dita puntuación entre os diferentes apartados do enunciado do suposto teórico (15 puntos) e o suposto práctico (15 puntos). Para superalo será necesario obter un mínimo de 12,5 puntos.
 - Valorarase o grado de acerto, calidade e adecuación das respostas dadas a cada unha das cuestións teórico/prácticas formuladas.
- A persoa aspirante serán convocada en único chamamento ás 11:30 horas e será excluída da oposición no suposto de que non compareza.
- Consonte coa base 6.8 da convocatoria, a persoa aspirante disporá de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas no exercicio.

Santiago de Compostela
O presidente do tribunal
Jesús Rodríguez Requena

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JESUS RODRIGUEZ REQUENA, NIF ***3951**, 11/10/2024 10:02:11.

CSV: 0C84-689D-4FEA-9F01